

## As mulleres coruñesas a comenzaños do s. XX:

Achegamento á súa estructura demográfica e profesional

FLORINDA M<sup>a</sup> BLANCO LOURO\*



*A Fábrica de Tabacos no 1910.*

Se ben neste traballo imos tentar achegarnos á análise da situación profesional das mulleres no mundo urbano galego, en particular na cidade da Coruña no cambio de século, o certo é que o que chamou de sempre a atención dos visitantes foi esa paisaxe de leiras traballadas por mulleres vestidas de negro. Por iso nós imos analizar a menos coñecida situación das mulleres das nosas cidades nun momento de cambio de comportamentos, actitudes e mentalidades na nosa sociedade, o momento de despegue urbano dos casos de Vigo e A Coruña, cadanse coas súas peculiares características.

\*Florinda M<sup>a</sup> Blanco Louro é Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago e actualmente está a realizar a súa Tese Doctoral.

## A FONTE E O MÉTODO

Empezaremos dicindo que para este traballo utilizamos como fontes directas o Padrón Municipal de 1898 e a Contribución Industrial de 1904, debéndose este pequeno desfase cronolóxico á inexistencia doutras más próximas. Coas súas problemáticas, suministráronos unha grande riqueza e variedade de información que é fundamental para obter unha primeira visión da cidade. É das poucas fontes que nos falan do conxunto da urbe e non só dos que participan en algo especial, xa sexa un acontecemento político ou unha asociación. Sitúannos nunha posición privilexiada para facernos realmente unha idea da cidade desa época, para saber se predominan os comerciantes burgueses ou os obreiros, o grao de alfabetización e feminización da poboación...

O método que utilicei consistiu na recopilación dos datos accesibles de cada persona - nome e apelidos, lugar de nacemento, profesión...-, elaborando con todos eles unha base de datos formada por 32.887 fichas persoais, destinada ó posterior entrecruzamento das variables para a obtención de distintas modalidades de información. Neste caso exporemos soamente os resultados dun pequeno estudio sobre a situación da muller na Marinela de entón, apoiado na escasa bibliografía sobre o tema.

Non é novo aínda que sí escaso, debido á súa grande laboriosidade, este método de traballo con este tipo de fontes, defendido por algúns renovadores da Historia no noso país<sup>1</sup>, e na actualidade empezado a desenrolar nesta terra polo equipo do Departamento de Historia Contemporánea da U.S.C. dirixido polo Dr. e Catedrático Xusto González Beramendi.

## I- SITUACION DEMOGRÁFICA: UNHA CIDADE DE MULLERES

É ben coñecido o crecemento da poboación de Galicia, como no resto de España, ó longo do século XIX e gran parte do XX, moi especialmente a nivel urbano no ámbito estatal aínda que non nestas terras. Este auxe urbano, ademáis de á aceleración xeralizada do crecemento natural, debéuse en grande medida ó exodo rural.

A Coruña tiña a comenzos do século 32.887 habitantes, situándose xa desde 1857 en primeira posición a nivel galego. O incremento experimentado ó longo de todo o século XIX non se debeu exclusivamente ó crecemento vexetativo (só un 52,1% da poboación naceu nesta capital), senon tamén ós aportes de inmigrantes recibidos como consecuencia da grande oferta de empleo<sup>2</sup>, da grande atracción que exerce, en máis ou menos medida, todo centro urbano. O certo era que, diante da evidente necesidade de emigrar -atopámonos no estalido finisecular do desfase entre o crecemento da poboación e da produción-, unha boa parte dos galegos non opta por irse a América -fenómeno moi estendido e que tristemente nos deu fama, ante o que o analizado semella minúsculo- e déixanse seducir polas

<sup>1</sup> Podemos citar entre outros a :

- CALERO; A.M., »La estructura socio-profesional: fuentes y métodos de clasificación»; Actas das I Jornadas de metodología aplicada de las Ciencias Históricas. IV. Historia Contemporánea, U.S.C., 1975, pp. 257-264;


- GONZALEZ GOMEZ, S. y REDERO SAN ROMAN, M., «Los padrones Municipales y las Matrículas Industriales como fuentes de Historia Social: Aportaciones metodológicas», I Congreso de Historia Social, Zaragoza, 1990.

<sup>2</sup> BATANERO, Marta, «Algunos aspectos de la demografía urbana de La Coruña», *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses. Homenaje a Salvador de Madariaga*, Año XII, N° 12, A Coruña, 1976.

## ESTRUCTURA DA POBOACION POR IDADE E SEXO

A Coruña, 1898

### IDADE



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal

oportunidades de emprego que ofrece unha cidade cun dos focos industriais ou artesanais máis importantes de Galicia, centro burocrático-administrativo da nova administración liberal, núcleo de servicios e comercial....

Este fluxo poboacional procedía na súa meirande parte dos concellos dos arredores, destacando Arteixo, Bergondo, Carral, Betanzos, Cambre, Culleredo e Santa María de Oza, futura área metropolitana da Coruña. Serán moi poucos os procedentes das outras provincias galegas, escasos os do resto de España e case ningún do extranxeiro.

Como sabemos, as **pirámides de poboación** son como radiografías que reflicten todas as visitudes polas que pasa un pobo. Así, o máis destacable é que estamos ante unha poboación moza, aínda que non extremadamente, cunha alta porcentaxe de adultos (inmigrantes recén chegados) e cun claro predominio feminino, aínda meirande nas idades intermedias. Se ben é tradicional en Galicia este desequilibrio entre os sexos, debido á emigración ultramarina e ó factor común por todas partes da diferencia da mortalidade por sexos, o **índice de feminidade** é neste caso excesivamente grande (69,4 homes por cada 100 mulleres, fronte á media de 78,8 no conxunto de Galicia e 95,35 no conxunto de España nesas mesmas datas), característica que se mantén na actualidade. No noso caso hai que particularizar un pouco os factores causais, especialmente polo carácter urbano, e engadir outro elemento en xogo: como xa vemos, A Coruña recibía grandes **aportes de inmigrantes, especialmente de mulleres** debido a que ofertaba numerosos empleos «femininos», tanto na fábrica de tabacos (case 1200 cigarreiras na urbe, ás que se engaden outras 3000 que venen a diario de Sta. M<sup>a</sup> de Oza e outros concellos dos arredores) como no sector terciario (criadas, costureiras...), definidor da economía da cidade. Os homes do agro optaban en meirande medida pola emigración transoceánica, lakra deses tempos.

Este brutal desequilibrio entre os sexos reflíctese na análise do **estado civil da poboación**. O equilibrio entre os sexos rómpese ó analizar a solteiría, posto que serán as solteiras as que superarán con creces ós solteiros como consecuencia da escasez de homes.

## O ESTADO CIVIL DA POBOACION FEMININA A CORUÑA 1898



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal

É de destacar a altísima porcentaxe de mulleres que son nais solteiras, algunas mesmo de máis dun fillo. É ben coñecido o tradicionalmente alto índice de ilexitimidade en Galicia, aínda que non deixa por elo de ser unha sorpresa comprobalo e ver en que grande medida era certo. Contrariamente ó que pensara, non era habitual que chegaran fuxindo á cidade para ocultar a vergoña de que se soubera na aldea, senón que a data da súa chegada semella non ter moito que ver coa súa situación de nais. Nunhas ocasións veñen embarazadas, noutras xa cun fillo, e outras quedan en estado aquí. Esto semella concordar coas teorías tradicionais que sinalan que a ilexitimidade non estaba desprestixiada ós ollos da sociedade aldean, como sí sucederá na sociedade burguesa posterior, senón que era algo «normal» nunha muller que intúe a súa soidade futura ante a crenza de que, de non ser casada, é mellor ser solteira con fillos que sen eles.

Tamén se rexistra un número máis alto no número de viúvas que nos homes en igual situación. Á vista do anteriormente dito, é evidente que este feito se debe á meirande esperanza de vida na muller, ademáis de que era máis frecuente que un viúvo voltara a casar.

No que respecta ó sector relixioso, non era este moi numeroso en comparación coa veciña Compostela, voltando a predominar as mulleres, monxas dedicadas á caridade, a labores sociais.

Na nenez e mocedad as diferencias no **grafo de alfabetización entre os sexos** praticamente non existe, froito dunha escolarización que está comenzando a xeralizarse. Semella que os máis se iniciaron na lectura e escritura entre os 10 e os 14 anos. Entre os adultos, e mesmo xa desde os 15 ou 20 anos, as diferencias entre a proporción de homes e mulleres alfabetizados son enormes. É unha nova mostra da mellora da igualdade na alfabetización da poboación, de que cando esas adultas eran nenas ou mozas tiñan menos oportunidades de aprender o fundamental das que agora tiñan as súas fillas. Canto máis avanzamos no tramo de idade a distancia entre os sexos vai medrando, ó tempo que disminúe paulatinamente a porcentaxe total.

ALFABETIZACIÓN				
IDADE	Nº ALFABETIZ.	Nº MULLERES % MULLERES	Nº VARONS % VARONS	% TOTAL POBOACION DESA IDADE
- de 15 anos	3.271	2539 46,75 %	2442 44,11%	29,82 %
15 ou más	12.708	5743 42,42 %	5258 62,98	58,06 %
Total poboación	15.994	8282 43,59 %	7700 55,46 %	48,63%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes.

### III - UNHA TASA DE ACTIVIDADE FEMININA INUSUALMENTE ALTA

Non estaban totalmente equivocados J. Maurice e C. Serrano<sup>3</sup> ó sinalar como poboación en idade de traballar, para finais do século pasado e comenos do actual, á comprendida entre os 15 e os 60 anos. Os documentos que manexamos indican que se comenza a traballar entre os 15 e os 19 anos, aínda que non podemos esquecer que nos baseamos no que eles din á autoridade municipal, que pode non concordar na súa totalidade coa realidade. Probablemente, tal e como acontecía noutros lugares, moito antes de alcanzar os 15 anos unha gran cantidade de rapaces xa fixeran algún tipo de traballo, frecuentemente temporal, a miúdo axudando ós pais ou de aprendices ou recadeiros, e raramente de xeito oficial.

É importante ter en conta estes datos ó analizar a tasa de actividade da cidade, pois poden desvirtuala, como tamén pode facelo o emprego encuberto dos adultos, feito máis abondoso no caso do traballo das mulleres.

«Trabajo de los niños: En ninguna de sus partes ha sido cumplida la ley de Julio de 1873. Empléanse los niños, por lo general, en las mismas industrias á que se dedican los obreros, siendo más frecuente el número de varones que el de niñas(...)»<sup>4</sup>

A tasa de actividade da poboación coruñesa era do 36,75 %, non supondo unha grande diferenzia con respecto ó resto do estado, aínda que sí un pouco por riba do resto da provincia e a rexión galega -que aínda en 1994 era do 49,6 %-<sup>5</sup>. Esta última cifra axúdanos máis a achegarnos á realidade, axúdanos a reconstruíla.

Atopámonos con que a tasa da cidade era bastante elevada tendo en conta a estructura por idade e sexo da súa poboación -ó seren as mulleres e os nenos os principais ocupantes desta urbe-, en grande medida como consecuencia do gran número de mulleres que traballan oficialmente fóra do seu fogar en relación a outras localidades galegas ou españolas. A cidade absorbía moita man de obra feminina, tanto no sector terciario como na nosa xa literaria Fábrica de Tabacos<sup>6</sup>, que inicia a súa andadura no ano 1804 e semella ser unha das causas fundamentais deste alto porcentaxe de poboación feminina activa, pois a meirande


<sup>3</sup> MAURICE, J. e SERRANO, C., *Joaquín Costa: Crisis de la Restauración y populismo (1875-1911)*, Siglo XXI, Madrid, 1977, pp. 4.

<sup>4</sup> *Memoria de la Comisión de Reformas Sociales. La Coruña*, 1885.

<sup>5</sup> Fonte: INE. Encuesta de poboación activa.

<sup>6</sup> PARDO BAZAN, E., *Cuentos de Marineda*, 1892.

## POBOACION ACTIVA A CORUÑA 1898



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal e da Contribución Industrial.

	TOTAL ACTIVOS	% DO NO TOTAL DE PERSOAS DESE SEXO
MULLERES	5040	26,52%
VARONS	7047	50,73%

parte da man de obra que absorbia era deste sexo. X. R. Barreiro<sup>7</sup> sinala que a finais do século o número de operarias que alí traballaban achegábase ás 4000, e se ben eu só teño censadas 1.134 coruñesas cigarreiras, a esta cifra hai que engadir todas aquellas que a diario se trasladan a traballar á cidade<sup>8</sup>.

Precisamente a **porcentaxe de mulleres activas** -o 35,65 % das de máis de 14 anos e o 26,52 % de todas as do seu sexo- é unha das grandes diferencias con respecto ó mundo rural, debido a que no campo a muller traballa nas leiras, mais non se contabiliza como tal. Como é lóxico, as meirandes posibilidades de alongamento da idade escolar é outra das mostras do grao de urbanización da cidade.


A economía da cidade (moi terciarizada) ofertaba gran cantidade de empregos femininos, o que atraeu a moitas mulleres dos concellos de arredor, que ante as necesidades económicas do momento acoden á cidade veciña. Non debemos esquecer que a muller galega que sae da sociedade rural e se instala na cidade sofre un choque profundo no cambio dunha

<sup>7</sup> BARREIRO FERNANDEZ, X. R., *Historia de la ciudad de La Coruña*, Colección Biblioteca Gallega. Serie Nova, Ed. La Voz de Galicia, A Coruña, 1986.

<sup>8</sup> Só no municipio colindante de Sta. María de Oza temos contabilizadas nesas mesmas datas 596 cigarreiras.

## POBACIÓ FEMININA DE MAIS DE 14 ANOS

ACHEGAMENTO A DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL POR BARRIOS DA TASA DE ACTIVIDADE



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal e da Contribución Industrial

formación social a outro, tanto no aspecto espacial como, sobre todo, na transición dun modo de producción a outro.

Como excepción a esta alta tasa de actividade feminina están as mulleres de clase media e alta, a élite, quen, solteiras ou casadas, adicaranse masivamente ás súas labores, axudadas case sempre por algunha criada, símbolo de prestixio máis que axuda. Este dato fálanos por unha parte do ideal burgués de muller, do cambio de mentalidade paulatino, e das causas reais da nosa incorporación ó mundo laboral.

Serán as mozas das capas populares as que sairán do seu fogar non para exercer un dereito, senón por necesidades económicas, máis que por un ansia de emancipación propia de clases económicas más que elevadas, para participar tanto no traballo asalariado como no doméstico. «Salen de su casa para encontrar fuera de ellas el salario que les permitiera ayudar al sostenimiento del propio hogar»<sup>9</sup>.

En troques, ós burgueses convenientes falar da situación de privilexio da «ama de casa» e consolidar a idea de que o traballo doméstico é algo «natural» na muller e o xeito principal de realización social e individual feminina. Para conseguilo creñense e difúndense idealizacións encol da importancia e transcendencia do rol de nai e de «santa esposa» -non esquezamos o influente papel que neste tema tivo a Igrexa-. Así, na vila depende materialmente do home mentres que no modo de producción rural podía mesmo prescindir del, e o seu traballo na casa, marxinado do xogo capitalista, pois non entra no mercado de cambio, queda totalmente desvalorizado (e a muller con el)<sup>10</sup>. Non obstante, xa desde comezos de século a inflexible e reaccionaria mentalidade burguesa vaise flexibilizando, adaptándose ós tempos, assimilando un pouquiño do discurso liberal e progresista, podéndose sinalar a paulatina incorporación de mulleres procedentes da clase media, ó ámbito laboral, invadindo unhas, ofici-

<sup>9</sup> NASH, M., *Mujer, familia y trabajo en España, 1875-1936*, ANTROPOS, Barcelona, 1983, pp. 57.

<sup>10</sup> QUEIZAN, Mª José, *A muller en Galicia*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1977, pp. 42.

nas e comercios, e converténdose outras en mestras de escolas. Será xa máis tarde, a medida que avanza o século e o número de mulleres afectadas pola necesidade de traer cartos á casa se vai ampliando, cando as clases altas se avergoñen da súa vida de ocio e empecen a incorporarse ós estudos superiores.

Os pensadores conservadores decantaranse por admitir o traballo feminino só nun caso de extrema necesidade, mentres polo contrario as esquerdas parten do dereito innegable da muller como ser humano ó traballo.

Esta diferenciación social da muller traballadora verifícase perfectamente ó analizar a porcentaxe de mulleres inactivas en cada barrio da urbe, así como o número de criadas que viven nel, tendo en conta que estas viven na casa dos seus señores e non nun barrio aparte. A gráfica que presentamos amósanos perfectamente como ós barrios podentes da cidade -nº 1 ó 6 e o 11, correspondendo á franxa entre a Cidade Vella, os Cantóns e San Andrés- serán os da meirande tasa de inactividade das mulleres, e iso a pesar de que o máis normal era que as criadas vivisen cos patróns.

Non debemos esquecer que, ademáis das casadas ás que o seu home permite traballar fóra da casa por necesidade económica, existe un grupo cada vez máis numeroso de mulleres a quen a súa solteiría -crecente debido ó desequilibrio entre os sexos, ó descenso da tasa de nupcialidade e ó ascenso da idade ó matrimonio- obriga a buscar o seu propio sustento económico, situación aínda más necesaria cando se é nai solteira. Non obstante, a muller segue aínda representado unha pequena proporción da poboación activa. Aínda ata ben pouco era algo normal que as rapazas traballaran mentres estaban solteiras, deixando o traballo ó casar, feito non totalmente desbancado da nosa sociedade actual.

#### IV - CATEGORIAS PROFESIONAIS MAIS ABUNDANTES. O TERCARIOS COMO SECTOR PREFERENTE DO TRABALLO FEMININO


«La independencia y libertad de que generalmente gozan no influye, sin embargo, de una manera notable en menoscabo de su moralidad y buenas costumbres, siendo de elogiar en la mayoría el amor que profesan a su honra y de admirar las virtudes domésticas que las adornan»<sup>11</sup>

Alejandro San Martín recórdanos<sup>12</sup> que as condicións do traballo da muller fóra da casa varían notablemente según este traballo se faga por solteiras ou casadas, e a domicilio, en taller, en fábrica, na rúa, en lavadoiros, en viaxes, no campo da propia poboación ou comarcas distantes, en hospitais, hospicios e colexios, conventos, etc. Amósanos o autor unha pequena lista e descripción dos traballos máis usuais, que coincide bastante cos datos por nós atopados, clasificándoos según se fagan na casa -costureiras a máquina, encaixadoras, fiandeiras, calceteiras, bordadoras, tecedoras, planchadoras, modistas, xastras, costureiras para tendas, guanteiras, guarnecedoras e reparadoras de calzado, amas de cría...- ou constituían ocupacións fóra do fogar -lavandeiras, forneiras, auxiliares de fábrica, costureiras a xornal, fábricas de salazón e conservas, amas de cría, coristas e comparsas de teatro,...existindo un grupo de ocupacións especiais realizadas fóra da casa e exercidas maioritariamente -debido as súas peculiares características- por solteiras: criadas de servizo, cociñeiras, asistentas ou doncelas de labor-.

<sup>11</sup> Comisión de Reformas Sociales, *Memoria de la Comisión. La Coruña*, Ferrol, 1885, p.126.

<sup>12</sup> SAN MARTÍN, A., «Trabajos de las mujeres», en M. NASH, *Mujer, trabajo y familia. 1875-1936*, ANTHROPOS, Barcelona, 1983, pp.315-342.

DISTRIBUCIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDAD DA POBLACIÓN FEMININA ACTIVA  
A CORUÑA 1898



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal e a Contribución Industrial

Axudándonos de toda unha base bibliográfica, imos intentar analizar toda a nosa información, analizar as profesións principais das cascarilleiras<sup>13</sup> no cambio de século, agrupándoas en categorías profesionais e por sectores de actividade -ver a táboa que presento cos resultados numéricos do estudio-.

É xa elocuente por sí mesmo o feito de que a variedade de profesións se reduce moitísimo para as mulleres (190 tipos) en comparación cos homes (ó redor de 800), e que a práctica totalidade delas pertencen ós niveis máis baixos da escala profesional, nas peores condicións de traballo e cos peores salarios.

Hai una serie de profesións que podemos denominar «femininas» debido a que están ocupadas praticamente na súa totalidade por mulleres, do mesmo xeito que son moi físimas as reservadas exclusivamente ós varóns. Unhas son típicamente coruñesas, propias desta vila -caso das abondosas cigarreiras-, e outras comparten a súa feminización noutros lugares -criadas, costureiras,...-. Falemos un pouco das principais categorías que conforman este grupo:

- A meirande parte das *costureiras* (414) e as *modistas* (116) son rapazas entre os 15 e os 30 anos, traballando as primeiras a xornal fóra da casa ou por tendas, e sendo artistas da confección desde o propio fogar as segundas, mais ámbalas dous cunhas xornadas de traballo que podían rondar as 14 horas, sen domingos nin festivos, e aspirando a gañar unha miseria.

«Las jóvenes solteras suelen dedicarse a la costura fuera de su casa y trabajan en esta industria las mismas horas que los obreros. El salario medio de estas mujeres puede calcularse en una pta. diaria»<sup>14</sup>

<sup>13</sup> "Cascarilleiros é o nome tradicional con que se denomina ós coruñeses, aludindo á importancia que tiveron na cidade as tendas de cascarilla.

<sup>14</sup> Comisión de Reformas Sociales, *Memoria de la Comisión. La Coruña, Ferrol, 1885*, p. 126.

- Mais seguirán sendo as criadas (1.646) a categoría profesional máis abondosa nas mulleres, coas súas variantes: serventa, ama de cría, asistente, doméstica, demandadeira, cociñeira, niñeira... Son mozas solteiras que viven na casa dos seus señores -o que condiciona o seu estado civil-, familias burguesas da parte máis antiga da cidade e que contan con elas como axuda e símbolo de prestixio social, parafernalia intrínseca a unha cidade burguesa como era ésta. Son xentes que naceran nos concellos que rodeaban á Coruña - Betanzos, Cambre, Cedeira, Oleiros, Bergondo, Oza dos Ríos, Santiago, Sta. M<sup>a</sup> de Oza,...- e que, ante as necesidades económicas, viñeron traballar á cidade, polo xeral moi novas e sen máis formación profesional que o saber levar unha casa, tal e como aprenderan das súas nais. O seu destino nas cidades foi a incorporación ó servicio doméstico, co que obtiñan, ó tempo, traballo -enviando parte do salario ás casas en moitos casos- e vivenda.

- Cuantitativamente serán seguidas polas 1.134 *cigarreiras*, que absorben case a metade das mulleres activas da cidade. Será a famosa Fábrica de Tabacos prácticamente o único ramo do sector secundario ocupado por mulleres. A maior parte dos conservadores da época, e a continuación algúns historiadores, adoitan insistir nas penosas condicións laborais das cigarreiras, así como na pobreza do seu salario: «En la fábrica de tabacos el jornal es tan reducido, que no pasa de 3 a 4 duros al mes»<sup>15</sup>. Despois de habelas asistido durante anos, o médico coruñés José Rodríguez Martínez resume: «las cigarreras (...) vivían peor que las obreras de las minas, mueren tantas como los operarios y las operarias de las industrias más nocivas (fósforo, alcantarillado...); cobran menos que los últimos proletarios de todos los países, (...)»<sup>16</sup>.

- E o outro gran grupo é o das amas de casa, que tradicionalmente foron clasificadas como non activas, símbolo xa da pouca valoración destas labores que a terminoloxía da época denomina «Propias de su sexo». Se autocalifican como tal as mulleres casadas acomodadas e as que aínda non casaron. Como xa vimos antes é curioso que as esposas dos barrios acomodados non adoiten exercer unha profesión fóra da casa, cousa que sí sucede no caso dos outros grupos sociais, o que ven confirmar a nosa hipótese de que foron as necesidades económicas e non a ansia de exercer o dereito á emancipación o que botou ás mulleres ó mundo laboral.

Existen tamén unhas poucas profesións ocupadas en igual proporción por ámbolos dous sexos, tales como *xastres* ou *labregos*, sendo de suliñar o case igualado número de mestres (20 mulleres e 50 homes, polo xeral ambos solteiros), que xa require un nivel medio de formación e que nos amosa a lenta pero inevitable incorporación das donas de clase media ó mundo do traballo.

E, como non, unhainxente cantidade de empregos reservados totalmente (especialmente aqueles que implican un certo poder de algún tipo, mando, responsabilidade, ou aqueles outros que requieren unha alta formación académica) ou en gran parte ós homes (ex. dos 2.643 «xornaleiros» soamente 646 eran mulleres, ou as 52 empregadas e dependentas de comercio dun total de 448).

A análise feita fálanos dunha **terciarización** e escasa cualificación do traballo feminino, o que segue sendo algo habitual por todas partes, dominando o traballo de criadas e os oficios da confección. E dentro do sector terciario, e como se ve de xeito moi claro na táboa das categorías profesionais das mulleres, éstas adicaranse preferentemente ós servicios,

<sup>15</sup> Comisión de Reformas Sociales. *Memoria de la Comisión. La Coruña*, Ferrol, 1885.

<sup>16</sup> *La Voz de Galicia*, A Coruña, 6 de Julio de 1899.

especialmente ó traballo textil tradicional e a servir como criadas nas casas. A única grande excepción serán as moitas cigarreiras empregadas na meirande concentración obreira da cidade e unha das máis tradicionais desta terra, a Fábrica de Tabacos, de orixe decimonónico.

Mais seguen sendo as amas de casa (non activas) o sector numéricamente maioritario, cifra incrementada en grande medida polo feito de que toda muller que non traballe, mesmo as nenas e vellas, son calificadas como tal no padrón.

«Otro expone que el trabajo de la mujer hace una competencia perjudicial a los varones, pues haciéndolo más barato, pero menos perfecto, sin embargo es aprovechado por la codicia o ligereza de algunos maestros. Tal sucede con las que trabajan de sastre y las que se ocupan en la pesca. También esto es perjudicial a la buena educación de este sexo, que debiera limitarse a la industria doméstica». <sup>17</sup>

CLASIFICACION PROFESIONAL DAS MULLERES A COMENZOS DO S. XX				
SECTOR DE ACTIVIDADE	CATEGORIA PROFESIONAL	Ej.-PRINC. PROFESIONS	Nº TOTAL	% TOTAL MULLERES
PRIMARIO	CAMPESIÑOS	agricultora	52	0,27
	PESCADORES	pescadora	32	0,16
SECUNDARIO	EMPRESARIOS INDUSTRIAIS	encuadernadora	1	0,01
	ASALARIADO URBANO:Obreiro	cigarrera, pitillera	1.487	7,82
TERCIARIO: COMERCIO E CREDITO	OFICIOS TRADICION.: ARTESANOS	sillera	35	0,16
	EMPRESARIOS COMERCIANTE	tendera	151	2,86
TERCIARIO: SERVICIOS	PROFESIONS LIBERAIS SUPERIORES	abogada	3	0,01
	PROFESIONS LIBERAIS MEDIAS	profesora	28	0,14
TERCIARIO: ADM. PUBLICA: FUNCIONARIO	EMPRESARIOS	fondista, posadera	7	0,03
	ASALARIADO URBANO:	jornalera, planchadora	351	1,84
TERCIARIO: RELIXIOSAS	OFICIOS TRADICION.: ARTESANS	sastra, costurera, modista, aguadora	976	5,1
	CRIDOS	criada, sirvienta	1.599	8,41
NON ACTIVOS	PROSTITUTAS	Idem	4	0,02
	ARTISTAS		2	0,01
DESCONÉCESE	CLERO: RELIXIOSAS		116	0,61
	FUNCIONARIO SUPERIORES	profesora de la escuela normal	3	0,01
Total S. Terciario	FUNCIONARIO MEDIO	maestra	50	0,26
	FUNCIONARIO SUBALTERNO	portera de escuela	2	0,01
TOTAL	AMAS DE CASA	amas de casa	8.512	44,8
	ESTUDIANTES	escuela	1.894	9,96
DESCONÉCESE	NINGUNHA	Ninguna, pobre, lactancia, inútil	3.243	17,07
	CESANTES	cesante	2	0,01
Total S. Terciario	JUBILADOS Y PENSIONISTAS	pensionista	145	0,76
		[Descoñécese]	76	0,4
			3.313	
			18.998	

<sup>17</sup> Comisión de Reformas Sociales, *Memoria de la Comisión. La Coruña*, Ferrol, 1885.

## V - AS CONDICIONES LABORAIS DA MULLER NO MEDIO DUNHA LOITA POLA SÚA IGUALDADE

Se ben os nosos homes non vivían precisamente coma reis, e os traballadores eran explotados polos empresarios de todo o estado sen ningún tipo de lei ou institución que realmente lles amparara, o certo é que as mulleres aínda eran tratadas nunha posición de inferioridade en relación ós varóns.

Como exemplo paradigmático está o menor salario que reciben por un mesmo traballo, o que é un xeito de minusvaloralas e, como non, explotalas dobremente. En 1930 R. Capel<sup>18</sup> calcula que percibían unha remuneración base do 53 % inferior á masculina, mentres o *Informe da Comisión de Reformas Sociales* calcula que na Coruña «La relación entre el salario del obrero y de la mujer está siempre en contra de ésta en la relación de 1 a 3»<sup>19</sup>. A reivindicación da equiparación salarial entre os dous sexos para igual traballo foi presentada desde sindicatos e partidos obreiros a partir da súa fundación -P.S.O.E., C.N.T....-

A protección da traballadora nai foi a segunda das grandes demandas dos distintos partidos obreiros, secundada desde moitos recantos do país.

A pesares do apoio de certos sectores conservadores ó traballo na casa das mulleres, o certo é que elo conlevaba unhas pésimas condicións laborais: a súa dispersión e illamento, coa imposibilidade da asociación reivindicativa entre elas, as consecuencias psicolóxicas desa soedade....

E para máis non era pouco habitual o desempeño de oficios especialmente insalubres ou en condicións que o facían tal.

O auxe do movemento sindical masculino nos finais do século XIX e primeiro tercio do XX estimulará a **reivindicación feminina**, especialmente ante unhas condicións de traballo e unha remuneración sempre en desvantaxe cos homes. Non obstante, «haberá que esperar varios anos para que as mulleres tomen este camiño de xeito más decidido. Marxinadas da actividade política e sindical reservada aos homes, absortas polas tarefas caseiras e a educación de numerosos fillos, éralles difícil encontrar valor e tempo para se dedicaren ao labor sindical día tras día»<sup>20</sup>.

A pesares de ter motivos de sobra para elo, en pouquísimas ocasións as mulleres se declaran en folga, acontecendo as primeiras no nacer da centuria. Non obstante podemos distinguir dúas actitudes diverxentes, dúas mentalidades, na intervención e comportamento das obreiras nalgúns conflictos.

Por unha banda as tecedeiras e cigarreiras tiñan un espírito esencialmente defensivo, na medida en que as súas poucas mobilizacións tiveron sobre todo por obxectivo, non a mellora das súas condicións laborais, senón evitar que estas empeorasesen ó quereren os patróns atentar contra o seu salario (caso das tecedeiras) ou os seus horarios (caso das cigarreiras).

Podemos citar como exemplo da súa conflictividade o que nos conta o historiador e actual arquiveiro de Betanzos A. Erias<sup>21</sup>, quen di que nesta época de proliferación de

<sup>18</sup> CAPEL, R., *La mujer española en el mundo del trabajo, 1900-1930*. Fundación Juan March, Madrid, 1980, pp.3-6.

<sup>19</sup> Comisión de Reformas Sociales, *Memoria de la Comisión. La Coruña*, Ferrol, 1885, pag.35.

<sup>20</sup> BREY, G., «Mulleres e conflictividade social na Coruña (1874-1910)», en D. PEREIRA (coord.), *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*. A Nosa Terra, 1992, pp.23-46.

<sup>21</sup> ERIAS, A., *A festa recuperada da Angustia*, Pregón das Festas de 1981.

sociedades obreiristas, as cigarreiras estaban «divididas en dous grupos según a sociedade á que pertenecían: unhas adscritas á chamada *Federación* (...) baixo da dirección de Xoan No; e outras á *La Unión Tabacalera* tendo ó frente a Severino Chacón. As primeiras chamábanse as *amarillas* e as segundas as *chaconeras*. Ó parecer, arredor de 1920, houbo disturbios e unha grande folga: a raíz disto, moitas cigarreiras foron botadas do traballo. Neste contexto, as *chaconeras* ofrecéronse á Virxe da Angustia [a carón de Betanzos], pedíndolle que volveran ó traballo as compañeiras despedidas. Consegrírono efectivamente e dende aquela o número de cigarreiras que viñan á Angustia empezó a aumentar, convertíndose o fenómeno, dese xeito, nunha especie de peregrinación moderna, saída, asimesmo, de problemas modernos.»

En canto ás demáis, lavandeiras, conserveiras, empregadas do fogar, modistas ou xastras, e a pesares, nos dous últimos casos, da súa maior cualificación profesional, a postura oscila entre o conformismo que lles inspira o trato con clientas acomodadas ata un acordar progresivo á necesidade de se organizaren como os homes.

Curiosa será a situación das traballadoras do porto, pois ante as diferencias de soldo terán que aceptar unhas xornadas interminables, o que foi motivo de múltiples litixios, posto que os homes crían que aquello ameazaba con botar abajo a tarifa e os horarios recentemente pactados polos cargadores e descargadores. Estes consideraban que a competencia feminina era desleal, sen importarllles para nada a súa inxusta diferencia salarial.

A Lei do 13 de Marzo do 1900 iniciarán de forma efectiva a **lexislación estatal de protección á obreira en España**, aínda que xa existían precedentes desde a obra da I República. Esta lei incide xa na protección á nai ó establecer un descanso despois do parto e o derecho de ausentarse do posto de traballo sen supor a pérdida do mesmo. Esta lexislación foise ampliando ó longo do século, mellorándose as condicións no R.D. do 13 de Novembro de 1900, a Lei do 8 de Xaneiro de 1907 ou o R.D. do 21 de Agosto de 1923.

Os tempos estaban a cambiar. A muller pronto pasará de traballar por necesidade a facelo por dereito, sen vergoña e con dignidade, tal e como o facía no seu orixinario mundo rural.

## LAS REFORMAS EN LA FÁBRICA DE TABACOS

III

Hemos leído en una carta anterior que "la reforma a la fábrica habrá de cumplirse en su genio". ¡Pálala que se ha completamente hecho!

De todo hay en la villa del Señor, y el amor que profesamos a la verdad obligaños a distinguir.

En varias ocasiones ha parecido darse localidad y sentido al Estado para las mejoras que en los antiguos establecimientos de Palencia reformas dignísimas que convirtieran la villa en aquellas locales, donde trabajan apacillas las mujeres como en las ótimas de los vapores de cigarros y tabacos los pasajeros de tercera.

En la Fábrica, hace años, con lo habla mayor número de operarias, y hoy que es menor el número, pero es también menor el espacio, están materialmente en prisisa. Sentadas a las masas de labores, disponen del espacio preciso que ocupan su cuerpo; tocanse cada con cada y respiran aliento con aliento.

Hay que verlo para creerlo.

Singular y pintoresco es el aspecto que presentan los talleres. A la entrada, limitada de momento la respiración, fatigosa la vista con la impresión de conjunto y producida algo parecido al mareo.

Después, recrea el ánimo el bullicio oculto de tantas mujeres; su curiosidad sonriente y un si no es zumbido y maleante.

Ya resaltó a seguir viendo viajó, sin perder instantes en exuberantes bellotas, que se dan al cantar aleron la su de Jésus, llamando atención la presteza y agilidad con que trabajan.

Aquellos son un verdadero víspero.

Dejando para otro día los detalles de cada taller y de cada labor, contaremos por los encrucijados que entre sí dejan las mesas, viendo a uno y a otro lado miradas y enjeros sentados, a veces las, compenetradas, vivarachas e incesantes en su trabajo.

No desvanece lo sumatado de la impresión general, que los elementos mezclados con el taller. Una comen y traeján al mismo tiempo otras trabajan y charlan, algunas que otras lloran. Al lado de la fábrica en la calle Virgenia, la libreta de casa, el bolígrafo que pasa su formando *pendón* con la cajita de *judíos*.

O aquella dulciosa y alegre laboriosa, que muestra una impresión verdaderamente de empuje y libertad.

Justicia, libertad y libertad iluminan de color las que trabajan y las que comen y las que lloran.

Destacamos de todas las fábricas, y tanto puede en nuestro emplear esta obsesión, que resultaría nos del todo bien en la Fábrica de Tabacos si la plena realización no se nos impusiera.

A juzgar que es sana, no es tenebroso, ni perdurable y verdaderamente útil.

Según a nuestro juicio y acuerdo entre los familiares más próximos, esas exigencias de una ventilación permanente en la fábrica, dentro de la villa, es hacer dar el estufa (que produce calor), y solamente cuando ésta no pondrá vuestra alegría de esos dulces y suaves colores?

Pronto despertaremos, sin embargo, cuando o nos proporcioneas señales de la fábrica. No hay de negar que el calor, que debemos de atravesar en la fábrica,

Apelamos a todos que suscriban los compromisos en sus casas, para que se pague lo que ya cumplieron, por otra parte.

En gracia de los buenes propósitos que aman a la Arquidiócesis, no insistiremos en estos *lujazos* contra la crítica. Muchas, pero muy pocas hay aquí que criticar respecto de las reformas proyectadas y sobre todo a la dirección.

Y para terminar esta ya pesada humilde nota, haremos una recapitulación de las principales de nuestra carta anterior.

No solo queremos presentar las principales peticiones en la reforma de la Fábrica, sino añadirnos.

Y que menos rogar, más garantizar.

De poco, verás que no servirá de precisar, y aun a través de la presente, que tomó iniciativa el ingeniero D. Pascual Vinent, licenciado en su proyecto de reformas, alcanzando a la fábrica y poco de pesos, y se presentaron de la siguiente de las operarias: cubiertón, lecho, ventilar, etc.

Y para que veas de qué hablamos en nuestro apéndice, añadiremos que, a mi sentir, la mejor mejoría que el ingeniero D. Pascual Vinent, en su reforma, tomó en cuenta, y que es de los más lejanos las siguientes sugerencias de la Fábrica de la Palma:

1.º Ampliación de los locales, como en esta proyección.

2.º Ventilación por el sistema que he usado por el refectorio ingeniero.

3.º Cine-fóres, cinematógrafo y lavatorios para las operarias y operarios.

4.º Una pequeña enfermería y baños públicos consiguientes.

5.º Un asilo para los hijos de las cigarrotistas, y

6.º Un Banco-Caja de ahorros y descuentos para librarse a estas infelices de los préstamos usurarios, las compraventas inveterosísimas, empeños y demás zarandajas de la vida.

Indicamos y recomendamos de estos simpáticos deseos.

Si el lector satisfecho y satisfecho también a bromas floridas o silvestres, entre otros, mencionados, no olvide las piñas que producen cada año la Fábrica de la Palma.

Ayudemos el público con su saber y sus haces, y acaso demostraremos que, aparte de la higiene y la humanidad, saldrá beneficiaria la Compañía dotando a sus servidoras de tan imponentes mejoras.

Y como ya llevé enunciado lo principal, y yo no sé hacer otra cosa más que anunciar, te ofrezco, querido Marcelino, no dar a los lectores de *La Voz* ni dar a los capistas más que otro par de *latas* para concluir.

Tu siempre afectísimo,

José RODRÍGUEZ MARTÍNEZ.